

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 133/2002, do 11 de abril, polo que se regula a concesión de préstamos polo Instituto Galego de Promoción Económica.

O Instituto Galego de Promoción Económica, desde a súa creación en 1992, consolidouse como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsa-lo desenvolvemento competitivo do sistema productivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Co fin de apoiar e promove-las accións que favorezan o desenvolvemento económico de Galicia, o Instituto está habilitado pola súa lei de creación para realizar toda clase de actividades económicas e financeiras suxeitas ó dereito privado.

Desde 1994, o Igape desenvolve unha liña de apoio ás empresas mediante a concesión de garantías en operacións de crédito ou préstamo concedidas polo sector bancario. Esta liña mostrouse eficaz no seu obxectivo de reforza-la estrutura financeira das empresas á hora de acometer investimentos ou de reestructura-la súa débeda.

A posibilidade de concesión de operacións financeiras e de garantía como instrumento de fomento da Xunta de Galicia reitérase no novo marco de incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, establecido polo Decreto 172/2001, do 12 de xullo, declarado compatible co mercado común segundo decisión da Comisión da Unión Europea (axuda estatal nº 489/2000).

Nunha economía de mercado estes instrumentos deberán actuar unicamente onde non chega o sector privado, como xa se reflectiu no artigo 6.7º das bases reguladoras das axudas do Igape para o Programa Emprendedores (DOG nº 142, do 23 de xullo de 2001), que reserva a este instituto a posibilidade de creación dun fondo para a concesión de préstamos a emprendedores con dificultades para o acceso ós recursos financeiros necesarios para implantar aqueles proxectos de interese para a Comunidade Autónoma. De igual forma, preténdese que o sector do audiovisual, considerado estratéxico para a nosa actividade económica e que sofre carencias específicas no seu financiamento, poida acceder a esta liña de servizos, liña que terá que ser obxecto de regulación específica a través dun convenio ou acordo específico.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de abril de dous mil dous,

DISPOÑO:

Artigo 1º

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) poderá conceder, no ámbito das súas funcións,

préstamos ou créditos a favor de empresas, sexan persoas físicas ou xurídicas, que estean domiciliadas en Galicia, realicen actividades na Comunidade Autónoma ou ben teñan un impacto significativo no seu desenvolvemento económico.

Excepcionalmente, tamén poderá conceder préstamos ou créditos a empresas para actividades ou proxectos que se van realizar fóra da Comunidade Autónoma, valorándose neste caso especialmente o mantemento da actividade en Galicia do solicitante.

Artigo 2º

As operacións financeiras que se regulan neste decreto incardínanse no ámbito dos apoios á implantación de proxectos emprendedores previstos no punto 7 da base 6ª reguladora das axudas do Igape para o Programa Emprendedores, publicado mediante Resolución do 13 de xullo de 2001 (DOG nº 142, do 23 de xullo), así como o do financiamento de producións audiovisuais e, en ámbolos dous casos, de acordo cos requisitos e características establecidos nos programas, convenios ou acordos que para tal fin estableza ou subscriba o Igape.

Calquera outro tipo de operación deberá ser expresamente autorizado mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 3º

As operacións financeiras destinaranse a atende-los gastos e investimentos para a implantación e desenvolvemento do proxecto empresarial, debendo condicionarse as disposicións á xustificación documental do seu destino, mediante documentos contables de valor probatorio suficiente, ou mediante a comprobación do cumprimento do plan de disposición de fondos que previamente se aprobese. Para tal fin, os prestameiros ou acreditados comprometeranse expresamente a facilitarlle ó Instituto Galego de Promoción Económica a inspección e control para a comprobación da realidade dos investimentos e gastos financiados coa operación, así como a situación da solvencia da empresa, podendo, para tales efectos, verifica-los balances, contas de resultados e demais estados de libros contables.

Artigo 4º

A concesión de préstamos ou créditos polo Igape farase dentro das disponibilidades financeiras do fondo que para este fin se estableza a partir das dotacións orzamentarias do instituto, incrementadas se é o caso polos importes que se deriven dos convenios ou concertos que para tal efecto o Igape subscriba con entidades públicas ou privadas.

Artigo 5º

Correspóndelle ó Igape a tramitación e a análise das solicitudes, así como a súa aprobación ou denegación e a súa formalización.

O procedemento que se vai seguir quedará sometido ó que se estableza nas bases reguladoras ou convenios específicos correspondentes.

Requirirase, para poder acudir a esta fórmula de financiamento, que as dificultades de accesibilidade ós recursos financeiros necesarios para a implantación do proxecto así o aconsellen, a súa necesidade quede claramente xustificada e adecuadamente ponderado e minimizado o risco para asumir polo Igape. Así mesmo, estas operacións estarán vinculadas ó interese do proxecto para a Comunidade Autónoma.

En todo caso, a concesión da operación condicionarase á viabilidade económico-financeira do proxecto e será analizada cos criterios financeiros de común aplicación no mercado.

Artigo 6º

O Consello de Dirección do Igape aprobará as condicións dos préstamos ou créditos do Igape, así como o importe das comisións que se é o caso devenguen. O prazo de amortización das operacións non poderá supera-los 7 anos e o tipo de xuro calcularase sobre o Euribor máis un diferencial. Os prazos de disposición, amortización e carencia das operacións adaptaranse ás características e necesidades de cada proxecto.

Artigo 7º

O Igape tomará as garantías adecuadas segundo as características de cada operación. Se, como consecuencia do seguimento e control que se efectuará durante a vixencia da operación, fose notoria a diminución da solvencia do beneficiario, procuraranse as accións precisas para reforza-la eventual obriga de reembolso.

Artigo 8º

Os contratos mediante os que se formalicen as operacións crediticias someteranse ás normas de dereito privado.

Artigo 9º

O Instituto Galego de Promoción Económica poderá allear directamente os bens inmobles ou mobles que adquirise en procedementos xudiciais e, inclusive, os que se adquiran en pagamento de débedas das que sexa acredor. Así mesmo, poderá adxudicar directamente contratos de explotación respecto ós mencionados bens.

Artigo 10º

Son obrigas do prestameiro ou acreditado da operación someterse ás actuacións de comprobación que deba efectua-lo Instituto Galego de Promoción Económica nos termos contidos neste decreto e as de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral, de acordo co previsto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Para tal fin, quedan obrigados á conservación de toda a documentación orixinal que acredite a realidade dos investimentos e gastos financiados coa operación.

Artigo 11º

Trimestralmente o Igape dará conta ó Parlamento das operacións de crédito e préstamo vixentes.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Economía e Facenda para dicta-las disposicións necesarias para a aplicación do establecido neste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de abril de dous mil dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 26 de abril de 2002 pola que se fai público o acordo do seu Consello de Dirección que establece un programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con data do 16 de abril de 2002 o Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) adoptou o acordo de establecer unha liña de préstamos dedicada ó financiamento de producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os efectos do seu xeral coñecemento e en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12ª) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Igape

RESOLVO:

Único.-Publica-lo programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia, acordada polo Consello de Dirección do Instituto na súa reunión de data 16 de abril de 2002, o que figura como anexo I a esta resolución.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2002.
Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

ANEXO I

PROGRAMA DE PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR PRODUCCIÓNS AUDIOVISUAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O sector do audiovisual en Galicia é un sector emerxente de grande interese pola súa singular implantación na Comunidade Autónoma, tal e como se explicita no Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia 2000-2006.

Este sector experimentou un notable crecemento durante os últimos anos, aproveitando os impulsos procedentes do importante desenvolvemento das telecomunicacións no noso territorio. Este crecemento maniféstase nun aumento na facturación das empresas galegas do sector cun incremento da capacidade productiva en tódalas liñas de produción (televisión, cine, multimedia, vídeo e publicidade).

Atopámonos, pois, nun momento clave para promoverlo despegue dun sector audiovisual en Galicia que poida converterse nun referente a nivel nacional e internacional. A puxanza do empresariado galego neste ámbito, o control rexional dos procesos de produción, a dispoñibilidade de técnicos galegos en labores especializados ou as boas expectativas de mercado existentes na actualidade son outros activos rexionais que avalan a conveniencia de impulsar o sector.

Unha das principais problemáticas ás que se enfrontan as empresas que desenvolven a súa actividade neste sector concrétese nas dificultades para acceder ós recursos financeiros necesarios para o

desenvolvemento das súas producións, adecuados a unhas condicións específicas propias que se ven agravadas pola súa condición de sector en fase claramente expansiva e de recente creación.

Destá maneira, proxectos viables, en canto que arrancan a súa produción con pactos de venda e difusión que xunto cos apoios públicos aprobados aseguran a súa rendibilidade, enfrontanse con graves dificultades financeiras durante o período de produción, que se caracteriza por un longo período sen retornos e con elevadas necesidades financeiras, que dificultan unhas veces e impiden outras, que as empresas aborden a realización dos seus proxectos.

O Decreto 133/2002, do 11 de abril, habilita o Igape a conceder, no ámbito das súas funcións, préstamos ou créditos a favor de empresas, sexan persoas físicas ou xurídicas domiciliadas ou con actividade en Galicia ou que teñan un impacto significativo no desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma.

En virtude destes antecedentes, o Consello de Dirección do Igape na súa reunión de data 16 de abril de 2002, tomou o acordo de aprobar un programa de préstamos ó sector audiovisual coas seguintes características:

Primeiro.-Dotación do fondo para a concesión de préstamos.

Con cargo á partida 02.01/16.02.01/252000 do orzamento do Igape para 2002, dótase un fondo para a concesión de préstamos ó sector audiovisual coa cantidade inicial de 5 millóns de euros. O remanente que, se é o caso, puidera resultar ó final do exercicio incorporárase coa mesma finalidade ás dotacións orzamentarias do exercicio seguinte.

Segundo.-Características do programa.

Importe da liña: ata 5.000.000 euros.

Prestatarios: empresas do sector audiovisual que cumpran os seguintes requisitos:

a) Presenten un proxecto que acredite a súa viabilidade desde o punto de vista técnico e económico-financeiro, o seu impacto no desenvolvemento de Galicia, así como o seu interese estratéxico, de cara á consolidación da actividade vinculada ó sector na Comunidade Autónoma.

b) O proxecto deberá prever unha difusión que supere o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Participen maioritariamente no proxecto produtoras con enderezo social e fiscal en Galicia, ou ben, que as ditas produtoras desempeñen a produción executiva, sempre que neste caso participen como mínimo nun 20% da produción.

Finalidade: financia-la realización de producións audiovisuais: longametraxes, películas para a televisión, documentais, animación, mini-series de ficción e programas piloto de series televisivas.

Importe de financiamento: con carácter xeral ata o 50% do orzamento do proxecto, podendo excepcionalmente acadar ata o 70% e en calquera caso, cun límite de 900.000 euros por operación.

O límite máximo de risco vivo por prestatario non poderá ser superior a 1,8 millóns de euros.

Prazo e carencia: o prazo de vixencia das operacións será con carácter xeral de 3 anos, podéndose acadar ata un máximo de 5 anos cando as necesidades do proxecto o xustifiquen.

O prazo de carencia do principal e xuros establecerase para cada operación segundo as características do proxecto. A carencia de xuros levará consigo a súa capitalización co principal.

Tipo de xuro: variable: Euribor a seis meses máis 0,50 p.p.

Liquidación de xuros e amortización: a liquidación de xuros será semestral sen prexuízo dos períodos de carencia que se establezan. Os prazos de devolución determinaranse contractualmente, dentro dos límites establecidos.

Garantías: entre outras garantías, o Igape poderá afectar os acordos contractuais sobre prevendas da produción que formalizase o prestatario, o que quedará reflectido no contrato de préstamo.

Terceiro.-Solicitude.

Os interesados presentarán ó Igape (servicios centrais, Subdirección de Xestión de Incentivos á Dinamización Económica) ademais de tódolos antecedentes que se consideren necesarios para a adecuada análise de viabilidade da operación, o formulario de solicitude (anexo I), que deberá estar acompañado da seguinte documentación:

-Memoria do proxecto.

-Orzamento.

-Plan financeiro (investimentos-orixe de recursos e *cash-flow* mensual), así como plan de amortización de custos.

-Acordos contractuais de vendas e/ou de distribución.

-Plan de disposición de fondos o que unha vez acordado, condicionará os prazos de dispoñibilidade da operación financeira e con base na xustificación documental da execución das programacións anteriores.

-Plan de traballo.

-Descrición das garantías que, se é o caso, se ofrecen para cubri-lo risco da operación.

-Acreditación de posuí-los pertinentes dereitos de propiedade intelectual sobre o guión, e se é o caso, o de opción sobre a obra preexistente (contrato ou documento de cesión ó produtor e Rexistro da Propiedade Intelectual do guión).

-Se é o caso, declaración de que o proxecto reúne tódolos requisitos establecidos pola lexislación vixente para a consideración española da película.

-Actividade desenvolvida pola empresa nos últimos anos.

-Contas auditadas dos dous últimos exercicios.

-Autorización ó Igape para recaba-la información acreditativa da solvencia e situación patrimonial, segundo anexo II (deberase cubri-la autorización na súa versión en castelán).

-Certificación acreditativa de atoparse ó corrente das obrigas fiscais, coa Administración autonómica e a Seguridade Social, expedida polos respectivos organismos.

Cuarto.-Operativa do préstamo.

O tipo de xuro variará por semestres naturais e determinarase de acordo coa seguinte norma:

1. Tipo de referencia: para o primeiro semestre de cada ano calcularase como a media aritmética simple dos tipos diarios do Euribor a prazo de 6 meses correspondentes ó mes de novembro do ano anterior. Para o segundo semestre será a media aritmética simple dos tipos diarios do Euribor a prazo de 6 meses correspondentes ó mes de maio do mesmo ano.

2. Tipo adicional: 0,50 puntos porcentuais.

3. O tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultante de engadirle ó tipo de referencia o tipo adicional. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, redondearase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

4. Para os efectos deste acordo, enténdese por Euribor (Euro Interbank Offered Rate, isto é, tipo interbancario ofrecido en euros) a prazo de seis meses, como o tipo de xuro para depósitos interbancarios en euros a prazo de seis meses publicado pola Federación Bancaria Europea ou pola entidade pública ou privada, española ou da Unión Europea, designada para tal efecto.

5. No caso de que desaparecera o Euribor, o tipo de xuro de referencia calcularase segundo o disposto no contrato de préstamo ou supletoriamente, segundo as disposicións que para tal efecto o Igape publique no *Diario Oficial de Galicia*.

6. O tipo de xuro de referencia para cada semestre será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

7. O devengo de xuros será por días naturais, base 360, con liquidacións semestrais, que comezarán a computarse desde o primeiro día inmediato posterior á data de disposición. Non obstante, o primeiro período de liquidación será irregular e igual ou inferior ós 6 meses polos días que transcorran desde a data da disposición ata o último día do semestre en que se realizou a disposición.

8. O tipo de xuro nominal dos préstamos que se formalicen no primeiro semestre do 2002 será o 3,75%.

Quinto.-Xuros de demora.

En caso de retraso no pagamento dalgunha das sumas debidas en virtude dos contratos de préstamo que se formalicen, o prestatario incorrerá de pleno dereito en mora sen necesidade de requirimento previo e virá obrigado a pagar sobre a suma vencida o tipo de xuro do Euribor a 6 meses máis 4% anual. Os ditos xuros liquidaranse coincidindo co seguinte vencemento semestral de xuros.

Os importes vencidos e non satisfeitos capitalizaranse como aumento de capital debido, e devengarán, pola súa vez, novos réditos ó tipo de xuro moratorio que resulte segundo o parágrafo anterior.

Os xuros moratorios devengaranse por días naturais sobre a base dun ano de 360 días.

Sexto.-Amortización anticipada.

O prestatario ten a facultade de proceder ó reembolso total ou parcial do préstamo, mediante notificación dirixida ó Igape cun preaviso mínimo de 15 días hábiles, e coincidente, en calquera caso, cunha data de revisión de tipo de xuro. Os reembolsos así efectuados non levarán penalización.

Sétimo.-Incumprimento do préstamo.

No caso de producirse o incumprimento das condicións do contrato de préstamo, o Igape procederá a dalo por vencido, efectuándose a amortización anticipada obrigatoria deste e procedéndose ó reembolso do capital e xuros pendentes. Neste caso, a amortización levará consigo, en todo caso unha penalización do 2% flat sobre o importe amortizado anticipadamente.

Oitava.-Garantías.

O Igape tomará as garantías adecuadas segundo as características de cada operación. Se como consecuencia do seguimento e control que se efectúe durante a vixencia da operación fora notoria a diminución de solvencia do prestatario, procuraranse as accións precisas para reforza-la eventual obriga de reembolso.

Novena.-Dereito privado.

Os contratos mediante os que se formalicen as operacións someteranse ó dereito privado.

Décima.-Seguimento e control.

Os prestatarios obríganse a someterse ás actuacións de comprobación que deba efectua-lo Igape ou a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Para tal fin quedan obrigados á conservación de toda a documentación orixinal que acredite a realidade dos investimentos e gastos financiados coas operacións de préstamo.

Disposición derradeira

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO I



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA



PROCEDEMENTO PROGRAMA DE PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO EC620A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

I. DATOS DA EMPRESA

NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF	CÓDIGO CNAE	CÓDIGO IAE
PERSONA DE CONTACTO	TELÉFONO	FAX	Nº DE EMPREGADOS
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	MUNICIPIO	PROVINCIA
REPRESENTANTE LEGAL	NIF DO REPRESENTANTE LEGAL		
ACTIVIDADE	DATA CONSTITUCIÓN	DATA INICIO ACTIVIDADE	

II. DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

DEFINICIÓN DO PROXECTO

III. CONDICIÓN PRÉSTAMO QUE SOLICITA

IMPORTE	PRAZO DE AMORTIZACIÓN (MESES)	CARENCIA (MESES)
---------	-------------------------------	------------------

IV. DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

<input type="checkbox"/> MEMORIA DO PROXECTO. <input type="checkbox"/> ORZAMENTO. <input type="checkbox"/> PLAN FINANCEIRO (INVESTIMENTOS-ORIXE DE RECURSOS E "CASH-FLOW" MENSUAL) ASÍ COMO PLAN DE AMORTIZACIÓN DE CUSTOS. <input type="checkbox"/> ACORDOS CONTRACTUAIS DE VENDAS E/OU DE DISTRIBUCIÓN. <input type="checkbox"/> PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS. <input type="checkbox"/> PLAN DE TRABALLO. <input type="checkbox"/> DESCRIPCIÓN DAS GARANTÍAS QUE, SE É O CASO, SE OFREZAN PARA CUBRI-LO RISCO DA OPERACIÓN. <input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DE POSÚ-LOS PERTINENTES DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL SOBRE O GUIÓN, E DE SE-LO CASO, O DE OPCIÓN SOBRE A OBRA PREEXISTENTE (CONTRATO OU DOCUMENTO DE CESIÓN Ó PRODUCTOR E REXISTRO DA PROPIEDAD INTELLECTUAL DO GUIÓN). <input type="checkbox"/> SE É O CASO, DECLARACIÓN DE QUE O PROXECTO REÚNE TÓDOLOS REQUISITOS POLA LEXISLACIÓN VIXENTE PARA A CONSIDERACIÓN ESPAÑOLA DA PELÍCULA. <input type="checkbox"/> ACTIVIDADE DESENVOLVIDA POLA EMPRESA NOS ÚLTIMOS ANOS. <input type="checkbox"/> CONTAS AUDITADAS DOS DOUS ÚLTIMOS EXERCICIOS. <input type="checkbox"/> AUTORIZACIÓN Ó IGAPE PARA RECADA-LA INFORMACIÓN ACREDITATIVA DA SOLVENCIA E SITUACIÓN PATRIMONIAL, SEGUNDO ANEXO II. <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ACREDITATIVAS DE ENCONTRARSE Ó CORRENTE COAS OBRIGAS FISCAIS, COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E A SEGURIDADE SOCIAL, EXPEDIDAS POLOS RESPECTIVOS ORGANISMOS. <input type="checkbox"/> OUTRA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA: _____ _____ _____
--

(Marcar cun X a documentación da que se acompaña esta solicitude)

O/A abaixo asinante, na representación arriba expresada, con poderes suficientes

SOLICITA

ó IGAPE a concesión dun préstamo polo importe referenciado, comprométese a achegar toda aquela documentación que o IGAPE lle solicite, a facilitar toda a información complementaria e a permitir tódalas comprobacións de datos que sexan necesarias ó parecer do IGAPE, e declara que tódolos datos, informacións e estudos sobre a empresa e o proxecto son certos para tódolos efectos e que, en consecuencia toda falsidade que se encontre nesta solicitude dará lugar ás responsabilidades que poderían ser esixibles legalmente.

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do IGAPE. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante a Dirección Xeral do IGAPE. Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n, 15703 - Santiago de Compostela.

O asinante, no seu propio nome e no da empresa que representa, autoriza expresamente ó IGAPE para:

- 1.- Realiza-lo tratamento automatizado de tódolos datos xuntados.
- 2.- De acordo co establecido no art. 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, cederlle-los datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que colaboren para efectos de tramitar e de segui-lo correspondente expediente.
- 3.- Realiza-las comprobacións que se consideren convenientes en rexistros como a Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE) e outros, ou comprobar outros antecedentes.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, de _____ de _____
Sinatura e selo

D/Dª _____
O REPRESENTANTE LEGAL

Presidente do IGAPE

ESPACIO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN
SELO DE REXISTRO DE ENTRADA

Nº DE EXPEDIENTE

ANEXO II

AUTORIZACIÓN ANTE O BANCO DE ESPAÑA
MODELO PARA PERSOAS FÍSICAS

....., de de

Autorizo á entidade Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), para que solicite á Central de Información de Riscos do Banco de España, un informe dos meus riscos crediticios, autorización que fago extensiva á mencionada Central de Información de Riscos para que facilite os datos interesados.

Sinatura:

Asinado: (nome e apelidos).

DNI:

A cumprimentar pola entidade declarante:
Garantizo a autenticidade deste documento.

Asinado:

Nome, cargo e DNI.
Selo da sinatura.

ANEXO II

AUTORIZACIÓN ANTE O BANCO DE ESPAÑA
MODELO PARA PERSOAS XURÍDICAS

....., de de

Autorizo á entidade Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), para que solicite á Central de Información de Riscos do Banco de España, un informe dos riscos crediticios da entidade NIF, autorización que fago extensiva á mencio-

nada Central de Información de Riscos para que faciliten os datos interesados.

Sinatura:

Nome e cargo do asinante:

DNI:

A cumprimentar pola entidade declarante:
Garantizo a autenticidade deste documento.

Asinado:

Nome, cargo e DNI.
Selo da entidade.

**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 7 de xullo de 2003 pola que se modifica o programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia.

A experiencia acadada ata o momento polo Igape no seu programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia iniciado en maio de 2002, xunto coas necesidades manifestadas polos diferentes axentes do sector audiovisual galego, levan a considera-la posibilidade de estende-lo alcance do dito programa de forma que se poidan beneficiar del producións audiovisuais con impacto na actividade económica da nosa comunidade que, por non cumpriren os requisitos establecidos no programa, non tiñan acceso a esta fonte de financiamento.

De acordo co programa actual, poden solicitar préstamos para o financiamento de producións audiovisuais aquelas empresas que, entre outros requisitos, estean domiciliadas en Galicia e participan maioritariamente no proxecto, ou que, participando nun mínimo do 20% na produción, desempeñen a produción executiva da mesma. A experiencia móstranos que é cada vez máis frecuente a execución destes proxectos mediante diferentes fórmulas de cooperación entre empresas do sector, nas que, en ocasións, non existe unha empresa con posición maioritaria no proxecto ou unha única empresa que desempeñe a totalidade da produción executiva. Así, obsérvase que en ocasións as empresas galegas teñen unha participación relevante no proxecto pero non maioritaria, ou que comparten con outros participantes no proxecto as tarefas propias da produción executiva. Nestes casos pódense atopar proxectos coproducidos por empresas galegas con empresas non galegas que, sen cumpri-la empresa galega os requisitos de participación maioritaria ou produción executiva mencionados, poden pre-

sentar un interese especial para o desenvolvemento do sector audiovisual galego, xunto cun impacto directo na actividade económica da nosa comunidade autónoma derivado das actividades económicas que para a elaboración da produción se executen en Galicia e con inputs da nosa comunidade.

Por este motivo, considérase oportuno estende-los beneficios deste programa a empresas galegas con participación non maioritaria nunha produción audiovisual reducindo os ditos beneficios de xeito proporcional á súa porcentaxe de participación na produción obxecto de financiamento, e sempre e cando exista un interese para a nosa comunidade autónoma con base no seu impacto na actividade económica de Galicia.

Por último, engádese un parágrafo ó punto terceiro do programa que establece o arquivo das solicitudes que non cumpran condicións.

Por todo o anterior, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Únivo.-Publica-la seguinte modificación do programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 87, do 7 de maio de 2002), acordada polo Consello de Dirección do Igape na súa reunión do 4 de xullo de 2003:

1. Modifícase o apartado c) do punto segundo, que queda redactado como segue:

«c) Participen maioritariamente no proxecto productoras con enderezo social e fiscal en Galicia, ou ben, que as ditas productoras desempeñen a produción executiva, sempre que neste caso participen como mínimo nun 20% da produción. Excepcionalmente, tamén poderán solicitar préstamos as productoras con domicilio social e fiscal en Galicia, que aínda que non maioritariamente, participen nunha produción audiovisual que teña interese polo seu impacto no sector audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste último caso axustarase o importe do préstamo á porcentaxe da súa participación na produción».

2. Engádese o seguinte parágrafo ó punto terceiro:

«Aquelas solicitudes que non reúnan as condicións establecidas neste programa serán arquivadas sen máis trámite pola Dirección Xeral do Igape, dando comunicación ó solicitante».

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2003.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

Resolución do 2 de decembro de 2003 pola que se modifica o programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia.

A liña de préstamos a producións audiovisuais posta ó dispor polo Igape desde abril de 2002 (Resolución do 26 de abril de 2002, DOG nº 87, do 7 de maio) pretende cubri-las necesidades de financiamento das produtoras galegas que, ante proxectos viables na medida en que contan con recursos financeiros concertados para cubri-la totalidade dos custos da produción, se orixinan fundamentalmente polo tempo que transcorre ata que os recursos financeiros acadados se converten en líquidos. (Habitualmente os recursos necesarios para financiarlo proceso de produción proceden de achegas propias da produtora, de subvencións e das propias vendas que se formalizan antes de remata-la produción e montaxe).

Fundamentalmente, a liña foi concibida para facer líquidos os contratos de venda de dereitos de produción asinados cando a produción se atopa en curso de elaboración. A asunción por parte do Igape dos riscos inherentes ó bo fin dos dereitos (conclusión da produción, cumprimento de condicións contractuais, etc.) respondeu así ás dificultades para obter financiamento do sector privado, que se dan neste tipo de proxectos, especialmente en produtoras de reducida dimensión ou sen un amplo historial de producións anteriores.

Por outro lado, o tempo que pode transcorrer desde que un contrato de venda queda formalizado ata que a produción é completada e exhibida no soporte vendido (cines, televisións, etc.) aconsellou que o prazo de reembolso deste tipo de préstamos fose superior a un ano, podendo chegar excepcionalmente ata 5 anos en casos xustificadas.

A experiencia acadada por esta liña de préstamos mostra, entre outros aspectos, que é habitual que algunhas producións que se atopan en curso de elaboración chegan a un momento do proxecto en que, tendo una parte significativa das fontes de financiamento cubertas (achegas de fondos propios e axudas ou subvencións públicas, fundamentalmente) teñen en curso a formalización do resto das fontes que habitualmente pechan o plan financeiro do proxecto, que son as vendas a terceiros dos dereitos da produción. En ocasións, no intervalo de tempo que transcorre ata o peche dos acordos de venda, prodúcense necesidades de tesourería para atende-los gastos da produción e non frea-lo ritmo previsto de execución do proxecto. Estas necesidades de fondos, se a produción se mostra viable, son de carácter temporal ata que a produción conte coas novas fontes de financiamento que nacen coa formalización das vendas de dereitos da produción, os cales poden ser achegados como garantía para os préstamos a longo prazo contemplados na liña de préstamos do Igape.

De acordo co anterior, o Igape entende que poden existir producións audiovisuais galegas que, consideradas viables, e cumprindo o resto dos requisitos que lle farían posible a concesión dun préstamo a

longo prazo da liña do Igape, se atopan nas circunstancias indicadas anteriormente, e que sexa oportuno facilitarlles un apoio temporal na forma de anticipo reintegrable que lles permita mante-lo ritmo de execución da produción por un tempo limitado e nunha contía axustada ás necesidades financeiras previstas para o citado período durante o que acaben de pecha-los acordos de venda de dereitos correspondentes.

Deste xeito, aquelas producións que teñan concedido un préstamo a longo prazo do Igape (do que, dentro do prazo máximo de disposición dun ano, poderían dispoñer na medida en que pechen contratos de venda de dereitos que poidan ser achegados como garantía de reembolso) contarían con este novo instrumento que lles permitiría anticipar durante o prazo de disposición do préstamo os fondos necesarios para cubri-las necesidades financeiras da produción durante o dito prazo ata quedaren formalizados os contratos de venda que servirían de garantía para a disposición do préstamo a longo prazo.

Baixo este esquema, as operacións financiáveis serían tratadas polo Igape dun xeito integral, é dicir, avaliando a viabilidade técnica e económica da produción resolveríase se a produción pode recibir un préstamo a longo prazo con garantía dos dereitos de venda formalizados que serían cedidos ó Igape, e a seguir, avaliando o grao de execución actual de proxecto, os fondos investidos ata o momento e as necesidades financeiras ata a data máxima considerada razoable para a instrumentación de contratos de venda, resolveríase a posibilidade de conceder un anticipo a curto prazo. O importe do anticipo poderá facerse efectivo en sucesivas disposicións parciais a medida que se concreten as necesidades de fondos para o pagamento de gastos da produción.

Tendo en conta que o mecanismo máis adecuado para o desenvolvemento dunha produción audiovisual en termos de equilibrio financeiro é o de concretar adecuadamente as fontes de financiamento antes do inicio da produción, considérase importante non penalizar este proceso entendido de boa práctica financeira, e por conseguinte, na medida en que o Igape toma o risco de que finalmente tales recursos financeiros non se concreten, considérase necesario que a retribución destes anticipos recolla estes aspectos.

Por todo o anterior, e de conformidade coas facultades que teño conferidas

DISPOÑO:

Artigo único.-Publica-la seguinte modificación do programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia, acordada polo Consello de Dirección do Igape na súa reunión do 26 de novembro de 2003, engadindo a seguinte disposición:

«Disposición adicional

Amplíase a liña de préstamos a producións audiovisuais mediante unha liña de anticipos a curto prazo coas seguintes características:

1. Necesidades financeiras que se cobren. Exclusivamente os fondos necesarios para, durante o período

do concedido para dispoñer do préstamo a longo prazo, continuar unha produción considerada viable que se atope en curso de produción e en proceso de comercialización dos dereitos de difusión da mesma.

2. Importe máximo do anticipo. Ata un 50% do importe do préstamo a longo prazo concedido.

3. Condicións para a disposición do anticipo. Poderán obter o anticipo aquelas producións que, tendo concedido un préstamo a longo prazo dentro desta liña do Igape, teñan, con carácter xeral, utilizado xa recursos financeiros (propios e alleos) de, como mínimo, un 50% dos custos da produción previstos. O anticipo poderá ser disposto gradualmente en función do desenvolvemento da produción.

4. Prazo máximo de reembolso. Ata o fin do período de disposición establecido na concesión do préstamo a longo prazo, que non excederá de doce meses. A medida que se efectúen disposicións parciais ou totais do préstamo a longo prazo contra o endoso de créditos derivados da cesión dos dereitos de explotación da produción, o importe destas disposicións deberán destinarse en primeiro lugar ó reembolso ou cancelación dos saldos vivos do anticipo.

5. Garantías. As persoais da entidade productora, sen prexuízo doutras que puidesen ser valoradas.

6. Custos da operación. Tipo de xuro: euríbor a 6 meses máis un diferencial de 1,5 puntos porcentuais. Exento de comisións de apertura, estudio e cancelación anticipada.

7. Tipo de xuro de demora. Euríbor a 6 meses máis catro puntos porcentuais.».

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2003.

Margarita Rodríguez Rama

Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

ó programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia será o 2,224%.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2003.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

*Resolución do 16 de decembro de 2003
pola que se publica o tipo de xuro de refe-
rencia para o primeiro semestre de 2004
para as operacións acollidas ó programa
de préstamos para financiar producións
audiovisuais na Comunidade Autónoma
de Galicia.*

Mediante Resolución do 26 de abril de 2002 publicouse o programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 87, do 7 de maio).

No punto cuarto determínase a operativa do préstamo, establecéndose que o tipo de xuro variará por semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do Mibor e Euribor, en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o primeiro semestre de 2004 para as operacións acollidas

**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 4 de xuño de 2004 pola que se publica o tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2004 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante Resolución do 26 de abril de 2002 publicouse o programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 87, do 7 de maio).

No punto cuarto determínase a operativa do préstamo, establecéndose que o tipo de xuro variará por semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do Mibor e Euribor, en virtude das facultades que teño conferidas

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2004 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia será o 2,136%.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2004.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica